

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 25 DE MARZO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de marzo de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA
E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 de febreiro e sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 de febreiro e sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3089 o 24 de marzo actual.

1ª Visto que o traballador municipal, don Roberto Naveira, figura na lista de teléfonos interna con extensión propia e que segundo as informacións recibidas, ocupa un despacho nos locais da OMIX, solicitamos que se nos explique cal é o status do mencionado traballador municipal no organigrama funcional, se ten variado o seu réxime retributivo e, cales son as súas funcións e horarios.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que figura co mesmo réxime retributivo funcional que tiña ata o momento, e se ocupa o local da OMIX é temporalmente, para facer funcións de colaboración que se lle piden dende a concellería.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que parece como que estea ocupando funcións directivas un funcionario do grupo E, non sabe se ao mellor sería necesario establecer novas funcións e facer un concurso interno, ou ben, se fose posible, crear outra praza de persoal eventual, pero o que si lles estraña é que un traballador que é conserxe de instalacións deportivas figure cunha extensión no listado de teléfonos que lle ten sido facilitado hai uns días.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que non realiza ningunha función que exceda do seu ámbito funcional, se iso fose así, pide aos concelleiros que teñan coñecemento destes feitos que o manifesten.

Segue dicindo que si é certo que hai carencias funcionariais, pero este traballador realiza funcións que lle corresponden como funcionario do grupo E, e non lle consta que realice traballos doutra clase, e o réxime retributivo é o mesmo. As funcións de conserxería inclúen a atención ao cidadán e telefónica, e cre que iso é o que está facendo.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, manifesta que el tamén se sorprendeu de que aparecese na relación de teléfonos, pero el non deu orde expresa ao respecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo conclúe que o seu posto está na polideportiva municipal de Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o seu destino é o de conserxe de instalacións deportivas no Concello de Cambre.

2ª Cal é a situación laboral da educadora social interina que, a data de hoxe, debería ter rematado o seu contrato por superar – segundo explicou o concelleiro delegado de Presidencia e Réxime Interior nas comisións informativas de agosto de 2007 – o período máximo de seis meses no mesmo ano?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o seu contrato terminou o 28 de febreiro deste ano e, posteriormente, foi contratada pola empresa Cambre Ocio, e está co desenvolvemento do programa de actividades sociais que ten contratado o Concello de Cambre coa citada empresa.

3ª Cando estarán á disposición dos grupos municipais as novas oficinas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, en nome de don José Venancio Salcines Cristal, contesta que están á súa disposición cando gusten. Falta que se aproben os orzamentos municipais para equipalo de mobiliario. Non obstante, se o queren ocupar, poden dotalo con mobiliario provisional e equipos informáticos provisionais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que lles roga que fagan as xestións oportunas para que se poidan ocupar canto antes, e co mobiliario de que se dispoña, pois non ten por que ser mobiliario de deseño.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, engade que don José Venancio Salcines lles dixo que os locais estaban preparados, pero non lles dixo que podían telos ocupado co mobiliario usado, porque entón xa podían estar neses locais.

4ª Cal foi o motivo de facer coincidir a feira de oportunidades do Temple en xornada electoral?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que foi unha mera coincidencia. O presidente da asociación, don José Antonio Baamonde, solicitouno por escrito.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que o seu grupo recibiu protestas da xente por esa coincidencia, consideran que foi un erro que fixo perder dimensión á feira, puido ter máis éxito.

Don Jaime Manuel López Lisnier engade que cando viñeron a pedir o polideportivo se lles dixo que non lles parecía normal facer coincidir a feira coa xornada electoral, pero dixeron que non dispoñían doutra data, e que lles parecía a data máis adecuada.

5ª En que punto están as bases para a convocatoria de oposicións das prazas de auxiliares administrativos interinos e cando se nos entregarán para a súa fiscalización aos grupos municipais, tal como se acordou no pasado pleno?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se fixo unha proposta polos servizos técnicos o luns pasado, día 17. El non estaba de acordo coa proposta de 50 preguntas tipo test, etc., e fixo unha proposta alternativa para que sexa un exame escrito sacado ao chou. É o que xa se lles facilitou.

6ª Cando se nos vai a entregar a documentación do concurso de contratación das instalacións eléctricas municipais?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que xa lles entregou agora os pregos. Explícalles os trámites seguidos e dilles, concretamente, que xa foi publicado o correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta por que non informou na comisión informativa.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non ten obrigação.

7ª En que situación se encontran os procedementos para a contratación do resto dos servizos municipais pendentes, nomeadamente a limpeza de edificios, a auga e saneamento e, a conservación de zonas axardinadas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que os servizos técnicos están traballando en todos eles. A escaseza de medios humanos dificulta a contratación. Os dous expedientes cuxos anuncios xa foron remitidos a publicación son os da iluminación e lacería. Proximamente sairán os de limpeza de edificios e xardíns e, posteriormente, o da auga e rede de sumidoiros.

8ª Cando presentarán para o seu debate a proposta de orzamento de 2008?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, segundo o concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, entregárase un borrador o xoves 3 de abril de 2008, logo de cita non formal. Tense previsto tratalos no pleno do mes de abril.

9ª Cando nos van a entregar unha copia do proxecto “Arume” reformado despois do seu paso polo pleno da corporación en xaneiro?

Hai algunha información sobre o resultado desta solicitude?

Cal foi o custo de elaboración deste proxecto?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se lle acaba de entregar en formato dixital, e o custo foi ao redor de 9000 €

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 26 de febreiro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3089 o 24 de marzo actual.

1ª Que acordos hai para o mantemento das sendas do Mero cos organismos implicados e cal será o seu custo para as arcas municipais?

O Sr. alcalde contesta que está adxudicada a obra de reparación entre As Motas e o río. Cando comecen as obras agardan ter unha reunión para tratar o tema pero, de momento, non hai nada.

2ª Cantas prazas de aparcamento están anuladas polas necesidades do cuartel da Garda Civil, cantas máis hai previsto suprimir e, como pensan compensar o déficit de aparcamentos no contorno?

O Sr. alcalde contesta que quedan tres no lateral e catro diante do cuartel. Facilitaralles unha fotocopia do informe emitido ao respecto pola Policía. Agora quedan cinco prazas para coches oficiais.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 29 de xaneiro, sesión extraordinaria do día 13 de febreiro e sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 29 de xaneiro de 2008, sesión extraordinaria do día 13 de febreiro e sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira delegada da Área de Cultura e Turismo, solicita que se modifique a última alínea da páxina 9 cando di: "... para a contratación do Festival Rock, que terá lugar o sábado 9 de agosto de 2008,", pois debe dicir: "... para a contratación do Festival Rock, que terá lugar o sábado 14 de agosto de 2008,".

Non se formula ningunha outra observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores, coa modificación proposta pola concelleira delegada da Área de Cultura e Turismo, respecto da acta da sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2008.

2º Proposta de adhesión ao “Consortio do Camiño Inglés”

Dada conta da proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Turismo de data 14 de marzo actual.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao “Consortio do Camiño Inglés”.

Segundo: Iniciar os trámites necesarios para contemplar no orzamento municipal de 2008, a achega económica de 300,00 € anuais para gastos do Consortio.

3º Proposta de designación dun representante do Concello na Comisión de Escolarización

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de marzo de 2008.

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PSdeG-PSOE, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Nomear como representante do Concello de Cambre para formar parte da Comisión de Escolarización para o curso 2008-2009 a don Jaime Manuel López Lisnier.

4º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3089 o 24 de marzo actual.

1ª Por que non se organizou ningunha actividade con motivo do día internacional das mulleres?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade contesta que, como saben, elaborouse conxuntamente por todos os grupos municipais, un comunicado de prensa. Tamén se mandou aos medios de comunicación unha nota informativa respecto dos recursos que, en relación coa muller, dispón o concello e saíu en “La Opinión” e en “La Voz de Galicia”.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, contesta que tamén se quedou en enviar o manifesto aos medios de comunicación.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que son conscientes de que a data caeu mal e que sabían que, pola data, non ía ter máis difusión. Tamén se falou de colgar o manifesto na web municipal e non se fixo. Lamentan que non se fixera un pouco máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se se deu orde de poñer o manifesto na páxina web.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se remitiu aos catorce medios de comunicación da comarca e só o publicaron dous. Na páxina web foi un problema interno, pois a declaración chegoulle ás 18:20 da tarde e non se tivo tempo material para incluílo no día 8. Recoñece que é culpa del que, posteriormente, non se publicase.

Don Luis Miguel Taibo Casás lembra que el enviou o manifesto a todos os grupos ás 16:00 horas.

2ª Que se fixo para difundir o manifesto consensuado polos grupos municipais con motivo do 8 de marzo?

Tense por contestada coa resposta da pregunta anterior.

3ª Sobre a intervención realizada na casa dunha veciña de Brexo solicitamos explicación ás seguintes cuestións:

- Que técnicos/as emitiron informe recomendando a intervención?
- Houbo autorización da persoa habitante da vivenda para o seu desaloxo e posterior intervención ou, pola contra, fíxose con autorización xudicial?
- Quen foi a persoa que informou aos medios de comunicación, achegando datos persoais da persoa desaloxada?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, contesta que a persoa usuaria de Servizos Sociais non tiña capacidade para decidir se se marchaba ou non da súa casa. Revisouse o expediente e, dende o departamento, solicitouse a asistencia da Fundación Galega para a Tutela de Adultos (Funga), que enviou un representante que acudiu á vivenda xunto cunha traballadora social do concello.

Engade que a citada señora foi hai tres meses ao centro de saúde. De alí chamaron ao concello, e a raíz desa chamada, puxéronse en contacto cos tutores legais, que é a Funga, que valoraron e fixeron as oportunas xestións co centro social de Bribes. Pediron colaboración ao concello e non se lles negou. Ela, xunto co persoal de Servizos Sociais, levou comida á usuaria en varias ocasións, pois cre que está dentro das súas funcións.

Conclúe dicindo que a levaron á residencia que a Funga creu oportuno. Está encantada e cre que fixo o que tiñan que facer, pois todo ser humano ten dereito a unha calidade de vida digna.

En canto á información aos medios de comunicación, cre que quen fixo isto foi perverso, pois estes temas non deben utilizarse para lucrarse a ningún nivel, nin político nin doutro tipo. Do concello non se mandou nada, nin á prensa nin a ningún outro medio, e ela o único que fixo foi limitarse a desmentir, aos dous días, o que dixo a prensa.

Conclúe dicindo que foi a Funga quen ordenou o desaloxo e que, do departamento de Servizos Sociais non saiu a información que apareceu en prensa, nin ningunha outra.

4ª Cal é o proxecto da casa da cultura incluído no proxecto “Arume”? Existe, cando menos, unha memoria valorada?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non se incluíu ningún proxecto de casa da cultura, senón unha programación para construír unha casa da cultura, pois permitíase que se formulasen programas e estimacións. Os cálculos fixéronse seguindo os parámetros dos servizos técnicos nun concello cunha poboación como a que ten Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia